

CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE PERSOAL TÉCNICO DE PROXECTOS EXPATRIADO EN HONDURAS

ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA (ESF GALICIA) convoca a selección dunha persoa técnica de proxectos para os seus programas de Auga, Soberanía Alimentaria e Desenvolvemento Rural en Honduras. A persoa seleccionada será contratada como persoal de apoio á representante de ESF no país durante os meses de setembro a decembro de 2018.

CONTEXTO DA OFERTA DE EMPREGO

ESF Galicia é unha asociación independente, sen ánimo de lucro, baseada no voluntariado, que busca construír unha sociedade mundial xusta e solidaria mediante a cooperación para o desenvolvemento e poñendo a tecnoloxía ao servizo do desenvolvemento humano.

ESF Galicia traballa en Honduras desde o ano 2007, cando iniciou actividades de identificación no país, sendo a mediados de 2008 cando se estableceu no sur de Honduras, na rexión do Golfo de Fonseca, co-executando o Programa de "Reducción da vulnerabilidade en áreas empobrecidas, a través do acceso á auga potable, o saneamento e a xestión sostible de recursos hídricos e do territorio con enfoque de cunca hidrográfica en Honduras, Nicaragua e O Salvador", financiado pola AECID, en colaboración con Ingeniería Sin Fronteras Cataluña e ONGAWA, e contando como socias locais coa Alcaldía de Marcovia, Save The Children Honduras e CODDEFFAGOLF. Desde entón, ESF Galicia está a levar a cabo proxectos na zona nas temáticas de dereito humano á auga, desenvolvemento rural e soberanía alimentaria, sendo algunhas das liñas de traballo:

- A xeración de instrumentos de planificación integral dos recursos hídricos na rexión do Golfo de Fonseca, a través de procesos participativos coas comunidades e administracións locais co fin de establecer prioridades de actuación na xestión hídrica e territorial, así como as inversións a realizar polas administracións locais e os actores de cooperación internacional presentes no país.
- A implementación de sistemas de abastecemento de auga, saneamento e outras tecnoloxías para a conservación e xestión dos recursos hídricos, baixo o enfoque de tecnoloxía para o desenvolvemento humano.
- A capacitación, sensibilización e incidencia en boas prácticas para a xestión dos recursos hídricos.
- A promoción de prácticas que contribúan a mellorar a soberanía alimentaria na zona de traballo, como son a agroecoloxía, conservación e mellora de sementes autóctonas, dinamización de mercados locais, pesca artesanal sostible e sensibilización sobre consumo responsable, entre outras.
- A dinamización de emprendimentos económicos en zonas rurais, como parte do desenvolvemento local e comunitario, especialmente para mulleres e persoas novas.
- A capacitación, sensibilización e implementación de accións específicas para contribuír a mellorar a equidade de xénero, dirixidas a autoridades locais e organizacións sociais e de produtoras/es.
- A incidencia política para a defensa do territorio fronte a ameazas como as concesións acuícolas, mineiras ou as ZEDES, así como para a protección de defensores/as de dereitos humanos.
- O fortalecemento institucional de organizacións de sociedade civil e entidades públicas locais, a través do reforzo de procedementos de xestión e organización interna, transparencia e rendición de contas, integración do enfoque de xénero e fortalecemento de capacidades técnicas, así como o fomento de procesos de veeduría e control social sobre a acción pública.

ESF Galicia conta na actualidade con tres socias locais: O Comité para a Defensa e Desenvolvemento da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF), a Mancomunidade de Municipios Costeiros do Golfo de Fonseca (Mancomunidade NASMAR) e a Asociación Hondureña de Xuntas Administradoras de Sistemas de Auga (AHJASA). Os proxectos que executa ESF Galicia contan co financiamento da Cooperación Galega da Xunta de Galicia, Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Concello de Santiago e outra cooperación descentralizada galega, e AECID, sendo os proxectos que están actualmente en execución:

- *Fortalecemento das capacidades de incidencia política e xeración de alternativas produtivas sustentables de organizacións da sociedade civil vinculadas ao sector pesqueiro e agrícola de pequena escala en 7 municipios costeiros da Rexión 13- Golfo de Fonseca, Honduras, con enfoque de soberanía alimentaria e defensa do territorio*, financiado pola Cooperación Galega da Xunta de Galicia, 2017-2018, 244.892,00 euros
- *Fortalecemento das capacidades municipais e de organización de base para a planificación e xestión pública de calidade da compoñente auga e saneamento nos 7 municipios da Mancomunidade NASMAR, Honduras*, financiado pola Cooperación Galega da Xunta de Galicia, 2018-2019, 275.335,18 euros
- *Mellora do acceso equitativo de mulleres e mozas/os a recursos económicos do Sur de Honduras. Fase I. Proxecto de mellora de capacidades de organizacións e municipios*, financiado pola Cooperación Galega da Xunta de Galicia, 2018-2019, 199.028,28 euros.
- *Fortalecemento de capacidades técnicas para a xestión pública de calidade en proxectos de abastecemento de auga a comunidades rurais, nos 7 municipios da mancomunidade Nasmar*, financiado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, 2018-2019, 36.742,12 euros
- *Fortalecemento de Organizacións de Sociedade Civil para la defensa de los DDHH y derecho al medio ambiente en el Golfo de Fonseca, Honduras*, financiado por AECID 2018-2019, 86.600 euros.

- *Fortalecimiento de las capacidades de los y las campesinas organizadas para establecer un sistema de desarrollo rural justo, equitativo y sostenible que garantice el Derecho a la Alimentación en Honduras.* Convenio AECID en colaboración con VSF-Justicia Alimentaria e Amigos de la Tierra, 2014-2018

FUNCIONES

As funcións da persoa seleccionada serán realizadas en coordinación coa representante de ESF en Honduras como apoio á mesma nas seguintes tarefas:

- Realizar o seguimento técnico e económico en terreo dos proxectos que están en execución.
- Traballar en coordinación coas socias locais, elaborar plans de traballo e levar a cabo reunións de coordinación e seguimento.
- Manter un fluxo axeitado de información e coordinarse no traballo coas persoas voluntarias dos grupos responsables en Galicia dos proxectos en execución e coas persoas contratadas en sede que dan apoio aos grupos.
- Elaborar informes técnicos e económicos de seguimento e xustificación dos proxectos en execución.
- Participar na difusión en redes sociais de ESF das actividades en Honduras.
- Outras que se establezan en función das necesidades dos proxectos ou a organización.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Competencias técnicas

- Formación en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- Experiencia en seguimento e xustificación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
- Dominio da Metodoloxía de Enfoque do Marco Lóxico.
- Experiencia en terreo en Centroamérica ou Sudamérica en ao menos un dos seguintes ámbitos: fortalecemento institucional e de capacidades locais; transferencia tecnolóxica; ordenamento territorial; desenvolvemento rural, soberanía alimentaria e/ou abastecemento de auga potable e saneamento.
- Coñecementos en ofimática a nivel de usuario, así como en ferramentas de comunicación (correo electrónico, skype, telegram).
- Disponibilidade para viaxar (Honduras, Galicia)
- Dominio de idioma español e galego.

Competencias persoais e sociais:

- Flexibilidade e adaptabilidade
- Capacidade para analizar e resolver problemas
- Alto grado de iniciativa e autonomía
- Capacidade para a toma de decisións
- Capacidade de escoita, e negociación
- Capacidade para traballar en equipo e para coordinar equipos de traballo.
- Habilidades e boa disposición á comunicación en diferentes rexistros.
- Capacidade de organización e planificación

REQUISITOS DESEXABLES:

- Titulación de enxeñería ou licenciatura en temas relacionados coa xestión dos recursos naturais (Xeoloxía, Medio Ambiente, Bioloxía, Enxeñería de Camiños, de Montes, Agrónoma, etc.) e/ou Ciencias Sociais (Socioloxía, Ciencias Políticas, Antropoloxía, etc).
- Experiencia de traballo e/ou voluntariado en Honduras.
- Experiencia de voluntariado en Ingeniería Sin Fronteras ou organizacións afíns no ideario sobre voluntariado e cooperación.
- Experiencia en seguimento e xustificación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento financiados pola Xunta de Galicia.
- Formación complementaria en temas relacionados coa xestión dos recursos hídricos, ordenamento territorial, desenvolvemento rural e soberanía alimentaria.
- Formación complementaria en Xénero.
- Formación complementaria en xestión, administración e seguimento de proxectos de cooperación; metodoloxía do marco lóxico; elaboración e seguimento de indicadores; xestión orientada a resultados e enfoque baseado en dereitos humanos.
- Formación e experiencia en proxectos de transferencia tecnolóxica e fortalecemento de capacidades.
- Formación e experiencia de traballo sobre software libre e ferramentas de comunicación 2.0

- Coñecementos ou habilidades de fotografía, elaboración de vídeos e edición.

CONDICIÓN LABORAIS

- O posto de traballo localizarase na oficina de ESF Galicia en San Lorenzo, Honduras, con desprazamentos frecuentes á áreas rurais dos municipios pertencentes ao ámbito de traballo (rexión do Golfo de Fonseca).
- Levarase a cabo unha formación previa ao desprazamento a terreo na oficina de ESF Galicia en A Coruña de duración estimada 10 a 15 días.
- A persoa contratada estará baixo a supervisión da representante de ESF en Honduras. A Xunta Directiva de ESF acompañará o proceso de incorporación ao posto da persoa contratada.
- A duración do contrato será de tres meses (do 20 de setembro ao 20 de decembro).
- O salario neto será de 1411,77 euros/mes (coa parte proporcional da paga extra de nadal prorrateada incluída)
- O billete de ida e volta a terreo, así como o seguro médico serán cubertos por ESF
- A vivenda en San Lorenzo, Honduras será cuberta pola persoa seleccionada, aínda que ESF apoiará á persoa na súa busca. No caso de que a persoa seleccionada non teña domicilio en A Coruña, ESF cubrirá os gastos de aloxamento durante a formación previa.
- Data de incorporación: 20 de setembro 2018 para a formación previa en A Coruña, do 1 ao 5 de outubro 2018 en San Lorenzo, Honduras.

CONTACTO

As persoas interesadas poden enviar por correo-e **unha carta de motivación e o seu curriculum vitae en formato pdf** (non se terán en conta as candidaturas que non envíen esta documentación) a: info@galicia.isf.es

Indicar no asunto a referencia da praza á que se opta: *TÉCNICA/O PROXECTOS HONDURAS*

DATA LÍMITE PARA ENVIAR O CV: 1 de setembro de 2018 ás 23:59